



DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN

Os populares galegos lembran que o propio Manuel Vázquez lucrrou directamente coa saúde dos galegos como xestor dunha clínica privada

O PPdeG non acepta leccións sobre sanidade nin ataques de quen se lucra directamente dela

- O Hospital de Bos Aires é privado e o Goberno galego non ten capacidade de decisión sobre a súa xestión. O único que fixo é recomendar unha xestión personalizada a través de expertos na materia para que melloren a asistencia sanitaria dos 4.000 galegos que atende
- Ninguén aposta máis pola sanidade privada que aqueles que se adican a ela e Manuel Vázquez o fai. Mentres, o PPdeG non só aposta pola sanidade pública senón que, ademais, o Goberno de Feijóo traballa arreo nestes momentos para resolver os desaguizados do bipartito

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2009.- Os populares galegos non aceptan leccións sobre Sanidade nin ataques de quen se lucra directamente dela, como fai Manuel Vázquez.

O actual secretario xeral do PSOE en Galicia lucrrou directamente coa saúde dos galegos como xestor dunha clínica privada. Mentres o seu partido no bipartito condenaba o hospital de Bos Aires a unha nefasta xestión, que a 30 de abril de 2009 contaba cunha débeda de 1,7 millóns, e poñía en risco a asistencia sanitaria para os 4.000 galegos que alí acoden, el pagaba as súas vacacións cos beneficios da súa clínica privada.

O Hospital de Bos Aires é privado e o Goberno galego non ten capacidade de decisión sobre a súa xestión. O único que fixo é recomendar unha xestión personalizada a través de expertos na materia para que melloren a asistencia sanitaria dos galegos que



DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN

residen en Arxentina, pois o hospital de Bos Aires, ao estar acosado polas débedas corría o risco de pechar pola súa insolvencia económica, deixando aos 4.000 pacientes galegos que alí se atenden nunha situación complicada.

Para evitalo, o Goberno de Feijóo vai aportar 3,1 millóns de euros a cambio de que a xestión se mellore, unha medida aprobada polo cadro de médicos do hospital que, ademais de denunciar sistemáticamente a situación que estaban a vivir, apoia a necesidade de reconducir a xestión.

Ninguén aposta máis pola sanidade privada que aqueles que se adican a ela e Manuel Vázquez o fai. Mentres, o PPdeG non só aposta pola sanidade pública senón que ademais, a Xunta, traballa arreo nestes momentos para resolver os desaguisados do bipartito, que lle negou a asistencia médica a miles de galegos aos que retirou incluso o dereito de apuntarse nunha lista de espera.

As decisións do bipartito empuxaron a miles de persoas a ter que optar pola sanidade privada. O Goberno do que formou parte Manuel Vázquez xogou coa saúde dos galegos mentres el mesmo se lucraba con eles dende a súa clínica privada.